

Nota informativa sobre a saída de semana santa

Do 1 ao 5 de Abril 2015

Compañeiros de Artabros!!!

Quero convencerte de facer unha viaxe na semana santa para visitar a miña terra. É moi difícil contar nunhas simples verbas o que ten o “Outo Texo” aínda así o intentarei. Neste enlace tes moita información de toda a bisbarra.

<http://www.turismomolinaaltotajo.com>

Perto de Molina de Aragón hai un desfiladeiro precioso que tes que coñecer. Nese lugar hai unha ermida da Virxe da Hoz.

<http://www.rutasyleyendas.com/enclavesleyenda/enclave18-nuestrasenoradelahoz/nuestrasenoradelahoz.html>

Tamén perto de Molina de Aragón hai unha vila chamada Chequilla que é moi curiosa, ten unha visita curta e sinxela. As casas están o carón das rochas e semella unha vila do afastado oeste.

No parque do Outo Texo hai varias vilas importantes como Peralejos das troitas, Peñalén, Poveda de la Sierra, Zaorejas ou Ocentejo. Para ter o aloxamento podes ir a estes:

PERALEJOS DE LAS TRUCHAS <http://www.losquinones.com/>

ZAOREJAS <http://www.penarrubiahotel.com/>

HUERTAPELAYO <http://www.apartamentoshuertapelayo.com/>

Tamén podes ter o hotel en Molina de Aragón onde hai máis servizos e máis variedade de prezos.

No parque hai que visitar moitos recunchos pero sobre todo os seguintes:

Hundido de armallones (dende Ocentejo ou dende Armallones)

Puente de Peñalen (No Río Texo preto da vila do mesmo nome)

Peña Horadada (xunto o río máis adiante)

Fuente de los Tilos (un anaco máis adiante no río)

Huertapelayo (é unha vila pequena e moi bonita)

Sima de Alcorón (é unha cova que se pode baixar sen dificultade, ten chanzos)

<http://parquenaturalaltotajo.blogspot.com.es/2009/07/hundido-de-armallones.html>

http://www.excursionesysenderismo.com/rutas/r_guadalajara/ruta_183_gu.htm

<http://descubriendogadalajara.blogspot.com.es/2011/05/la-sima-de-alcoron.html>

No correo mándoche un plano antigo pero moi útil, tamén outros ficheros con roteiros da comarca. Espero que disfrutes moito da visita, sorprenderche.

Tamén debes lembrar que esta é terra de cogumelos e trufas, se podes non teñas dúbida para probalos.

Mais información e inscricións en breve en www.artabros.org

Kiko Castaño (Organizador/Monitor)